

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 12/09/1978

Colección:

Data: 12/09/1978

De:

Luís Seoane;

Para:

Domingo García-Sabell;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Artes; Artes visuais; Exposición de Luis Seoane. Bos Aires. 1978. Galería Bonino; Exposición de Luís Seoane. Bos Aires. 1978. Galería Imágen; Exposición de Luís Seoane. Bos Aires. 1978. Galería Portinari; Exposición de Luís Seoane. La Plata. 1978; Galería Bonino;

Mencionados:

Maruxa Seoane;

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 12/09/1978

Buenos Aires, 12 de setembro de 1978

Sr. D. Domingo García Sabell
Santiago

Querido Domingo:

Recibín a tua carta do mes pasado. Escribo a moitos días de recibila, pois foron moi atarefados, desbotados. Fixen unha mostra de grabados na Plata, outra no centro de Estudos Brasileiros désta e inaugurei o día 5 unha de 35 oleos escolleitos, gardados no meu obradoiro, na Galería Bonino, onde expoño dende fai moitos anos, dura todo o mes. Ten moito éisito. Remítoche, como curiosidade, a primeira nota saída de La Nación. O día 2 do mes que ben fago outra, duns sesenta grabados, en outra galería, Imágen. Por outra parte, rematei de facer o tomo de grabados, setenta e dous, que se chamará Temas Gallegos. Grabados en Madera. Sairá a fins de novembro. Recoillo moitos temas históricos de leendas e costumes que nunca foron tratados plásticamente, moitas nin siquera literariamente. Traballei algún día mais das oito horas prescriptas como xornada de traballo e quedei canso. O grabado en madeira require moita atención, por temor dos erros irremediabes coas goibas ou buriles, e moita seguridade na man. Tamén require un esforzo físico, aínda que pequeno, moito maior que no dibuxo ou a pintura.

Agradecemos moito as liñas que nos adicas na tua carta. Non podo describirche a ledicia que a Maruxa e a min produxeron a vosa presenza e o ánimo que esta e as conversas nos infundiron. Facíanos falta, ou parecíame. Pola miña parte déboche moito. Na Coruña espérame a edición do teu traballo encol de min que quero sexa unha das mais fermosas edicións galegas. Déboche tamén esa monografía aínda inédita; como as anteriores publicadas tan xustas, ó meu ver, e tan belidas. Mais déboche ser un dos poucos compañeiros da miña xeneración que soupo ser fidel de adulto á nosa mocidade turbulenta como tiña de sere por desexos de xusticia, que fixeches unha das obras escritas mais lúcidas de cantas se publicaron en galego no que vai de século e que toda Galicia, como cada un de nos, débete. Escrita, esto debémote tamén, nun idioma que non esquece as verbas cultas e arcaicas cando substitúen os castelanismos e portuguesismos tan dos nosos días. Escrita, sabendo que o idioma faino o pobo, a sensibilidade do ouvido e, non en pequena medida, os escritores. Estivemos gozosos da vosa estancia en Buenos Aires e orgullosos do éxito humán e intelectual que tivéchedes. Algún día próximo lembraremos xuntos Buenos Aires. Do paseo ao Tigre, da pequena xuntanza céltica, coa asistencia de xudeos e italiáns, ou desta procedencia, na nosa casa e coa simpatía que despertáchedes nos asistentes. Todo, aparte das nosas conversas.

Agradécémosvos a estancia nesta cidade e a vosa amizade. Recibide Elena e ti unha fonda aperta de Maruxa e miña.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.